



## Avisos

\* **Revisión sulfatadoras agrícolas:** O vindeiro 16 de decembro virá ata Boimorto unha unidade móvil para facer a revisión das sulfatadoras. Estará no mesmo sitio que a ITV dos tractores (Xunta o centro médico). Para pedir cita podedes chamar ao 981 79 25 19 ou ben en Talleres Agromecánica Vicente García. Anotádevos canto antes, a fin de que se hai moitas solicitudes poidan mirar de vir dous días ou ver como pode organizar a empresa. No Concello de Boimorto teñen a súa disposición unha folliña coas características que deben cumprir as sulfatadoras para que poidan pasar a revisión.

\* Próximos cursos no Multiusos de Arzúa ( A PARTIR DO 6 DE XANEIRO DE 2017):

- Fitosanitario básico ( 25 horas): 55 euros/ persoa máis taxas 8,83 euros
- Lexionela ( 25 horas): 225 euros/ persoa
- Manipulador de alimentos ( 3 horas): 25 euros/ persoa

Inscripcións: teléfono 679 080 886 MARTA.

## Emprego

\* Selección de persoal GDR Ulla Tambre Mandeo (Leader do PDR de Galicia 2014-2020)

### POSTOS: XERENTE E TÉCNICO

Características do contrato: a xornada completa, por obra e servizo

Centro de Traballo: sede do GDR UTM. Avda. de Lugo, 41 O Pedrouzo-Arca, 15821 O Pino

En ambos postos se valora:

- Formación académica (Licenciatura ou Grao en Ciencias Económicas, Administración e Dirección de Empresas e Estudos de terceiro ciclo, Postgrao ou Máster relacionado con materias de Desenvolvemento Rural.)
- Formación complementaria vinculada ao Desenvolvemento Rural, coñecemento de idiomas e experiencia.

PRAZO: ata o 12 de Decembro do 2016

#### XERENTE:

Salario: 32.000 euros brutos anuais  
Requisitos, entre outros: Permiso de conducir B e vehículo propio. Titulación mínima requirida: Licenciatura, Enxeñeiro Superior ou equivalente.

#### TÉCNICO

Salario: 26.000 euros brutos anuais  
Requisitos, entre outros: Permiso de conducir B e vehículo propio. Titulación mínima requirida: Diplomatura, Grao, Enxeñería Técnica ou equivalente.

Máis información na páxina web de AGADER: <http://agader.xunta.es>

## Cantares de reis

\* Animamos a todos/as aqueles que queiran participar nesta tradición de Nadal que se anoten no Concello para poder seguir desfrutando desta festa do Nadal.

## Deportes

\* Excursión á pista de xeo de Marineda City (A Coruña): terá lugar o sábado 17 de decembro para patinar de 11:00 h a 12:00 h, saíndo o autocar ás 10:00 h dende o Campo do Rosario (colexio). A hora prevista de regreso será ás 13:30 horas. A actividade está aberta a todas as idades a partir de 6 anos pero os menores de 10 anos deberán ir acompañados por un adulto. Os interesados en participar deberán

inscribirse nas oficinas do concello, rematando o prazo de inscrición o venres 9 de decembro. O prezo é de 6€ por participante. Os patinadores terán de agasallo ese día un bono 2x1 para empregar noutras visitas. Terá que haber un mínimo de 25 inscritos para que a actividade se realice.

## Centro de maiores

\* XANTAR DE NADAL - Centro Social Municipal de Maires

O xoves 15 de decembro celebrarase no Café-Bar Restaurante Vilanova o xantar de Nadal. O prezo son 15 €/persoa, o menú será: **Aperitivos - Salpicón - Merluza ou xarrete (a elixir) - Postre**. Pola mañá o autobús fará os percorridos de sempre, ás 13:30 levará a todos/as os/as que estean no Centro para o restaurante e despois da comida fará os percorridos de sempre para levar os que veñan á comida ás súas casas. Mínimo 30 inscritos. Anotarse e pagar antes do 12 de decembro no Concello ou no Centro. Organiza a Asociación do Centro de Maires. A semana do 5 o 9 de decembro non haberá servizo de transporte para o centro.

\* Vacacións de Nadal no Centro Social de Maires: dende o día 22 de decembro ata o 4 de xaneiro. O día 5 de xaneiro coincidindo coa feira mensual o Centro volvera a retomar a súa actividade.

## Cultura

\* AGORA XOVE- ASOCIACIONISMO E EMPRENDEMENTO. No edificio do antigo Concello, o venres 23 de decembro de 2016, a partir das 18:00, ferramentas prácticas para facer realidade ideas e proxectos e ver a experiencia de entidades e empresas que teñen éxito no rural. Previa inscrición. Máis información no Concello.

\* BELÉN VIVENTE. O venres 23 de decembro, na Igrexa parroquial de Santiago de Boimorto, ás 8:30 da tarde, os/as rapaces/as do Colexio que participan na actividade de teatro escenificarán o belén de Nadal e interpretarán villancicos. A parte de todos aqueles nenos que van a actividade, animamos a todos aqueles rapaces/as que queiran participar tanto como figurantes como actores a que se poñan en contacto coa técnico de cultura.

\* EXCURSIÓN A SILLEDA PARK. 30 de decembro. Para todas as idades, os menores de 12 anos deben vir acompañados dun adulto. Os asistentes poderán montarse nas diferentes atraccións, pistas deportivas, karting, máquinas recreativas, desfrutar dos espectáculos, sorteo de videoconsolas. Saída do Campo do Rosario ás 15:30 e regreso sobre as 22:00. Mínimo 20 inscritos. Anotarse antes do 26 de decembro no Concello. Prezo 13,5€ participante.

## Cabalgata Reis

\* O día 5 de xaneiro, os Reis Magos visitarán Boimorto. Sobre ás 6 da tarde chegarán o polideportivo para repartir agasallos, acompañados no seu percorrido por unha personaxe infantil. Dende ás 17:30 haberá música, xogos e baile no polideportivo. Para rematar sorpresina para os asistentes.